



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 14 de setembro de 2026, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo "proxecto de trazado de fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na LU-234. Lugo", de clave LU/25/087.06, no Concellos Lugo. Actuación cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

A aprobación definitiva do "proxecto de trazado de fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na LU-234. Lugo" de clave LU/25/087.06, produciuse en data 29 de xuño de 2026 por Acordo do Consello da Xunta de Galicia e foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 127 con data 9 de xullo de 2026. Esta aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a reformulación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño de Estradas de Galicia.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Lugo, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Lugo.

Lugar: Salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo)

Data: 23 de outubro de 2026, das 10:00 ás 12:40 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos no concello de Lugo, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da Consellería:

https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/avisos?content=aviso_0398.xml

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Lugo.

Lugar: Salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo)

Data: 14 de decembro de 2026, das 10:00 ás 11:45 horas.

No mesmo acto ofertáranse aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Lugo, 14 de setembro de 2026.- O xefe do servizo provincial de Lugo, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 2462

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 09 de setembro de 2026, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia correspondente ao mes de agosto de 2026, por un importe de 8.539,56 euros 714,66 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Contra as liquidacións comprendidas no padrón poderase formular recurso de reposición, anterior ao contencioso administrativo, perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón.

Así mesmo, acordase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: dende o 30 de setembro de 2026 ao 30 de novembro de 2026, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 9 de setembro de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2439

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación do Cadro de persal e do Anexo de Persoal do Orzamento Xeral para o ano 2026.

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 30 de xullo de 2026 onde se aprobou inicialmente a modificación do Cadro de persoal e do Anexo de Persoal do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2026, sen que se presentase reclamación algunha contra a mesma, enténdese elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, e procedese a súa publicación:

CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE GUITIRIZ. ANO 2026

I) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO					
1.1 ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Secretaría	Secretaría (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
Intervención	Intervención-Tesourería (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
1.2 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Técnico Medio Xestión Económica	Xestión	A2	22	1	1
Técnico/a de Emprego	Técnica	A1/A2	24	1	0
Administrativo/a	Administrativa	C1	18	6	3
Conserxe colegio e instalacións municipais	Subalerno	AP s Tit	14	1	0
Conserxe instalacións municipais	Subalerno	AP s Tit	14	2	1
Auxiliar Administrativo/a	Auxiliar	C2	14	1	0
1.3 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Policía	Servizos Especiais	C1	16	2	1
Arquitecta técnica municipal	Técnica	A2	24	1	0
Técnico Medio Ambiente	Técnica	A1	24	1	0
Encargado de Obras	Servizos Especiais	C2	14	1	0

II) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Traballadora Social	1	0
Limpiadoras	4	1
Peón servizos	1	0
Peón tractorista	1	1
Técnica Medio Encargada PAI	1	0

Monitor Deportes- Encargado	1	0
Brigada Verde – Peón Coordinador	1	0
Brigada Verde – Peón	8	3
Auxiliar Axuda no Fogar	28	4
Peón de SSMM	4	0
Traballador/a Social SAF	2	1
Auxiliar xeriatría CD	5	3
Cociñeiro/a	1	0
Técnico/a Turismo	1	0
Técnico/a Medio PAI	4	2
Terapeuta ocupacional CD	1	0

III) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Técnico/a educación familiar	1	0

IV) PERSOAL EVENTUAL		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Coordinador de áreas.	1	0

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso – Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazo que establecen as normas de dita Xurisdición.

Guitiriz, 10 de setembro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2440

LUGO

Anuncio

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de abril de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 6/169 **NOMEAMENTO TRIBUNAL CUALIFICADOR PROCESO SELECTIVO 2 TRABALLADOR/A SOCIAL, QUENDA LIBRE (OEP 2023)**, en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“PRIMEIRO.- Designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL , PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2023), do seguinte xeito:

Presidente:

- Dona Ana Rosa Pérez García, Adxunta de sección do servizo de Benestar Social do Concello de Lugo

Suplente: Dona María del Carmen Flores Ferreiro, xefa de sección do servizo de Benestar Social do Concello de Lugo

Vogais:

- Dona María Parga Rifón, Traballadora Social do Concello de Lugo.

Suplente: Dona María Jesús Lopez Vazquez, Xefa de servizo de Fomento do Concello de Lugo.

- *Dona Cristina Día Mira, Traballadora Social do Concello de A Coruña.*

Suplente: Dona María América Uceira Criado, Traballadora Social da Xunta de Galicia.

- *D. Luis Vázquez Parga, Interventor Xeral do Concello de Lugo.*

Suplente: Dona Maria Aranzazu Sastre Carracedo, Tesoureira do Concello de Lugo

Secretario/a:

- *Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.*

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- *Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.*

- *Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 28 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 2441

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas AGOSTO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 07.09.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de agosto 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 21.09.2026 ata o 23.11.2026.

Advértese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 8 de setembro de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 11.06.2025, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2442

AS NOGAIS*Anuncio*

Por medio do Decreto de Alcaldía 2026-0286 aprobáronse as bases específicas para a selección de un monitor de prevención de riscos laborais, en réxime de interinidade por programas, ao abeiro do Obradoiro dual de emprego “Vía König VII”, segundo a Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A).

O prazo para presentar solicitudes será de 5 días naturais, a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo, dada a urxente necesidade de cubrir este posto.

Lugar de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de As Nogais ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

As bases completas e todos os actos relativos ao proceso selectivo serán publicados na sede electrónica do Concello de As Nogais (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>)

As Nogais, 14 de setembro de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2463

POL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 7 de setembro de 2026, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2026, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 7 de setembro de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2443

*Anuncio***Aprobación inicial da modificación do regulamento especial de honras e distincións do Concello de Pol.**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o 11 de setembro de 2026, acordou a aprobación inicial da modificación do regulamento especial de honras e distincións.

De conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime xurídico local, sométese o expediente a información pública por un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para a presentación de reclamacións e suxestións. Durante o citado prazo o expediente poderá ser consultado na Secretaría municipal.

De non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobado o acordo inicial, sen necesidade de novo acordo plenario, tal como establece o artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Pol, 14 de setembro de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2464

*Anuncio***Exposición ao público do expediente de aprobación da Conta Xeral do Concello de Pol do exercicio 2025**

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o día 11/09/2026, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2025, por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante os cales quen se estime interesado poderá presentar as reclamacións, reparos ou observacións que considere.

Pol, 14 de setembro de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2465

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 63/2026

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 28/07/2026, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 63/2026 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con baixas pola cantidade de 38.500,00 euros, que se fai público resumido por capítulos:

Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.988.238,28	0	5.988.238,28
2	Gastos B. Correntes e Servizos	6.071.809,63		6.071.809,63
3	Gastos Financeiros	65.371,83	0	65.371,83
4	Transferencias Correntes	454.835,72	0	454.835,72
5	Fondo de continxencia	129.477,44	0	129.477,44
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	3.487.999,72		3.487.999,72
7	Transferencias de Capital	845.523,84	+38.500,00 -38.500,00	845.523,84
B. Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	217.603,51	0	217.603,51
Total		17.288.865,03		17.288.865,03
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.914.000,00	0	2.914.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.531.542,70	0	3.531.542,70
4	Transferencias Correntes	5.146.898,46	0	5.146.898,46
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0	12.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00

7	Transferencias de Capital	2.236.256,57	0	2.236.256,57
B. Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.960.719,01		1.960.719,01
9	Pasivos Financeiros	586.639,27	0	586.639,27
Total		17.288.865,03		17.288.865,03

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 14 de setembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2466

A RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/208, de data 27 de xullo, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

A Ribeira de Piquín, 27 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 2444

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/206, de data 24 de xullo, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

A Ribeira de Piquín, 24 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 2445

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/237, de data 28 de agosto, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

A Ribeira de Piquín, 28 de agosto de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 2446

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/238, de data 28 de agosto, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xullo de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser

examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

A Ribeira de Piquín, 28 de agosto de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 2447

TRABADA

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Trabada, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para o nomeamento dun/dunha traballador/a social como funcionario/a interino/a de programa, a tempo completo.

Ábrese un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para a presentación de solicitudes.

As bases reguladoras e o modelo de solicitude están dispoñibles na sede electrónica do Concello de Trabada.

Trabada, 10 de setembro de 2026.- O alcalde, Sr. D. Rubén García Freije.

R. 2448

Anuncio

O Pleno do Concello de Trabada aprobou definitivamente a Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas.

De conformidade co establecido na normativa aplicable, publícase a continuación o texto íntegro da citada Ordenanza.

“...

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO E PERNOITA DE AUTOCARAVANAS, VEHÍCULOS TIPO CAMPER E CARAVANAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non se pode descoñecer que a actividade do autocaravanismo ou turismo itinerante experimentou un crecemento significativo nos últimos anos en toda Europa, o que significa que a regulación normativa sectorial debe responder axeitadamente aos problemas que expón esta actividade para as persoas usuarias, administracións públicas e cidadanía en xeral, nos diversos ámbitos materiais afectados e sen esquecer a imprescindible ordenación co obxectivo de protexer os espazos municipais.

Na regulación desta actividade concorren ámbitos competenciais e materiais diferentes, que necesariamente haberán de conciliarse, tales como a normativa turística, de circulación e tráfico e ordenación dos espazos públicos, así como os protexidos. Así as cousas, é o Regulamento Xeral de Circulación (Real Decreto 1428/2003) o que remite de maneira expresa á observancia do disposto nas ordenanzas que diten as autoridades municipais, en relación cos lugares nos que se deben efectuar paradas e estacionamentos nas vías urbanas.

No ámbito local, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ten elaborado esta Ordenanza Municipal Modelo, co obxectivo de que sirva de referencia aos Concellos da Comunidade Autónoma para regular esta actividade.

Xa que logo, a través desta Ordenanza, o Concello de Trabada establece no exercizo das súas competencias a regulación e ordenación de todos os aspectos relativos a esta actividade nas vías públicas municipais e nos espazos públicos do municipio, así como o establecemento das zonas con reserva de estacionamento ou de zonas con puntos de reciclaxe e os requisitos para a súa instalación e funcionamento, sexan de titularidade municipal ou de titularidade privada.

Estimouse necesaria a regulación desta actividade cunha dobre finalidade: Por un lado, acadar maior seguridade xurídica e establecer maiores garantías para os autocaravanistas, promotores e xestores de zonas de estacionamento e puntos de reciclaxe, sexan de titularidade pública ou privada; xestores dos servizos municipais e para a cidadanía en xeral. Por outro, fomentar o desenvolvemento económico do municipio, especialmente coa promoción de espazos de uso público para autocaravanas, como xacemento turístico e fonte de riqueza.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. *A presente Ordenanza Municipal ten como obxecto establecer un marco regulador que permita a distribución racional dos espazos públicos e do estacionamento temporal ou itinerante dentro do termo municipal, coa*

finalidade de non entorpecer o tráfico rodado de vehículos, garantir a seguridade das persoas e a debida rotación e distribución equitativa dos aparcamentos públicos entre as persoas usuarias das vías públicas e doutros espazos de uso ou titularidade pública, así como fomentar o desenvolvemento económico do municipio, especialmente o turístico, en relación ao uso das autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas.

2. *Esta Ordenanza desenvolve as competencias que ten atribuídas o Concello de Trabada sobre as distintas materias que afectan á actividade de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas, tales como o tráfico e circulación de vehículos sobre as vías urbanas, mobilidade, turismo, medio ambiente, saúde pública, consumo e desenvolvemento económico, así como a potestade sancionadora, no marco das normas europeas, estatais e autonómicas que sexan de aplicación.*
3. *O disposto nos apartados anteriores entenderase sen prexuízo nos rexímenes especiais vixentes nos espazos naturais protexidos, lugares de Rede Natura 2000 ou áreas protexidas por instrumentos internacionais recollidos na normativa ambiental de Galicia, cando os Plans de Ordenación de Recursos Naturais e Plans Reitores do Uso e Xestión dos mesmos, así como o resto da normativa aplicable, prevexan a posibilidade de acampada ou pernocta dentro dos ditos espazos.*
4. *As prescricións da presente Ordenanza Municipal son de aplicación en todo o territorio que comprende o termo municipal de Trabada, salvo as relativas ao tráfico e circulación de vehículos, que só serán de aplicación ás vías urbanas e ás vías interurbanas ou travesías que fosen declaradas urbanas.*

Artigo 2. Definicións

Aos efectos de aplicación da presente Ordenanza Municipal, teranse en conta as seguintes definicións:

- **Autocaravana:** *Vehículo especial adicado ao transporte de persoas para uso turístico, apto para circular polas vías urbanas e interurbanas, contruído de maneira que inclúa unha zona habitable e, cando menos, algún do seguinte equipamento mínimo: asentos e mesa, camas ou literas convertibles en asentos, cociña e armarios ou semellantes.*
- **Vehículo tipo camper:** *Vehículos derivados dunha furgoneta para uso campista, acondicionado para, como mínimo, pernoitar no seu interior e, por regra xeral, con depósito para residuos.*
- **Caravana:** *Remolque ou semirremolque concibido e acondicionado para ser utilizado como vivenda móbil, permitíndose o uso do seu habitáculo cando o vehículo se encontre estacionado.*
- **Autocaravanista:** *aqueles persoas legalmente habilitadas para conducir e utilizar os ditos vehículos, así como toda persoa usuaria dos mesmos aínda cando non estean habilitadas para conducirlos.*
- **Estacionamento:** *inmobilización da autocaravana na vía pública, de acordo coas normas de tráfico e circulación en vigor, independentemente da permanencia ou non de persoas no seu interior, tanto en horario diúrno como nocturno, e sempre que non supere ou amplíe o seu perímetro en marcha mediante a transformación ou despregue de elementos propios, e que non ocupe a vía con útiles ou artigos domésticos como cadeiras, mesas e semellantes, se sustente sobre as súas propias rodas ou calzos, non teña baixadas as patas estabilizadoras nin calquera outro dispositivo e non verta fluídos ou residuos á vía.*
- **Zona de pernoita e estacionamento reservado:** *espazos que só dispoñen de prazas de aparcamentos para o estacionamento ou parada exclusivos das autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas, independentemente da permanencia ou non de persoas no seu interior, tanto en horario diúrno como nocturno, podéndose abrir as ventás coa única finalidade de ventilación nas condicións revisadas no artigo. No seu caso, poderán dispoñer de servizos básicos para o baleirado de fluídos, tomas de auga potable, recarga de baterías, limpeza do vehículo e semellantes. Poderán ser de titularidade pública ou privada e poderán estar localizadas tanto dentro como fóra do solo urbano.*
- **Punto de reciclaxe:** *espazo habilitado exclusivamente para a reciclaxe de residuos xerados por este tipo de vehículos, tales como baleirado de augas grises (xabonosas) e negras (váter), residuos sólidos e enchido de depósitos de augas limpas (potables).*

Artigo 3. Localización e instalación de zonas de estacionamento reservado, áreas de servizo e puntos de reciclaxe.

1. *A instalación de zonas de estacionamento reservado, áreas de servizo e puntos de reciclaxe no municipio, sexan de titularidade pública ou privada, deberán cumprir os requisitos mínimos establecidos na presente Ordenanza Municipal, sen prexuízo do obrigado cumprimento da lexislación urbanística e medioambiental.*
2. *A localización das zonas de estacionamento reservado, áreas de servizo e puntos de reciclaxe deberá evitar o entorpecemento do tráfico, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todas as persoas usuarias coa necesaria fluidez do tráfico rodado.*
3. *Establécense as seguintes limitacións nestas zonas reservadas de estacionamento e áreas de servizo: A) Queda expresamente prohibido sacar toldos, patas estabilizadoras ou niveladoras, mesas, cadeiras ou calquera outro mobiliario doméstico ao exterior, así como despregar calquera outro elemento que amplíe o perímetro do vehículo en marcha. B) Queda expresamente prohibido sacar tendedeiras de roupa ao exterior da*

autocaravana, vehículo tipo camper ou caravana. C) Queda expresamente prohibido verter líquidos ou lixo de calquera clase e/ou natureza salvo que a zona conte coa infraestrutura necesaria.

4. Sen prexuízo do cumprimento por estas actividades da lexislación xeral e sectorial aplicable para a súa autorización e funcionamento, en todo caso deberán analizarse os posibles impactos ambientais sobre as persoas, a paisaxe, monumentos naturais e históricos, recursos naturais e demais elementos do medio dignos de conservar e protexer, co fin de decidir as mellores alternativas para a localización da actividade e adoptar as medias necesarias para minimizar ditos impactos ambientais.
5. O Concello poderá promover a instalación destes espazos no municipio, que poderán ser de titularidade pública ou privada. En todo caso, serán de uso público.

Artigo 4. Réxime de parada e estacionamento temporal no municipio.

1. Recoñécese o dereito a estacionar e, no seu caso, pernoitar en todo o municipio de acordo coas normas de tráfico e circulación en vigor, sen prexuízo do cumprimento do previsto na presente Ordenanza Municipal para as vías urbanas e do especial réxime xurídico establecido para os espazos naturais protexidos, lugares de Rede Natura 2000 ou áreas protexidas por instrumentos internacionais, os terreos forestais, os terreos clasificados como solo rústico de especial protección polo planeamento urbanístico, as zonas de dominio público e en xeral, calquera outro espazo especialmente protexido pola lexislación sectorial que se localicen dentro do municipio.
2. Non obstante o previsto no apartado anterior, o Concello poderá dispor de zonas de estacionamento e áreas de servizo exclusivas para autocaravanas, vehículos tipo camper ou caravanas, que só poderán ser ocupadas por vehículos destas características e adicados ao turismo itinerante.
3. Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación estatal sobre tráfico e circulación de vehículos, os condutores de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas poderán efectuar as manobras de parada e estacionamento nas vías urbanas nas mesmas condicións e coas mesmas limitacións que calquera outro vehículo, sempre que non obstaculicen a circulación nin constitúan un risco para o resto das persoas usuarias da vía, coidando especialmente a colocación dos vehículos e evitando que poidan poñerse en movemento en ausencia do condutor.
4. O estacionamento con horario limitado requirirá, nos lugares que así se estableza, a obtención dun comprobante horario que o condutor colocará na parte interna do parabrisas, visible desde o exterior.
5. A efectos simplemente indicativos e con carácter xeral, considerarase que unha autocaravana, unha caravana e un vehículo camper está aparcada ou estacionada nas vías ou espazos públicos cando:
 - a) Só está en contacto co solo a través das rodas e non estean baixadas as patas estabilizadoras nin calquera outro dispositivo manual ou mecánico. Exceptúase o caso das caravanas, ás que se permite a parada e o estacionamento sen estar unidas á súa cabeza tratora e utilizando dispositivos de nivelación ou soportes de estabilización que eviten que a caravana se poida poñer en movemento en ausencia do condutor, sempre que o vehículo estea correctamente estacionado e no lugar autorizado e que a actividade desenvolvida no seu interior non trascenda ao exterior nin constitúa obstáculo ou perigo para a circulación.
 - b) Non ocupa máis espazo que o do vehículo en marcha, é dicir, non hai ventás abertas proxectables que poidan invadir un espazo maior que o perímetro do vehículo en marcha, nin despreque de cadeiras, mesas, toldos estendidos ou outros artigos domésticos ou útiles.
 - c) Non se produce ningunha emisión de calquera tipo de fluído contaminante ou non, a salvo as propias da combustión do motor a través do tubo de escape ou do sistema de quecemento do vehículo.
 - d) Non emite rúidos molestos para a veciñanza ou as persoas usuarias das zonas de estacionamento.

La parada y el estacionamiento deben efectuarse de tal manera que el vehículo no obstaculice la circulación ni constituya un riesgo para el resto de los usuarios de la vía, cuidando especialmente la colocación del mismo y evitando que pueda ponerse en movimiento en ausencia del conductor, de acuerdo con las normas que reglamentariamente se establezcan.

6. O estacionamento das autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas réxese polas seguintes normas:
 - a) Os vehículos poderán estacionar segundo o establecido en cada zona permitida polo concello.
 - b) O estacionamento efectuarase de forma tal que permita a execución das manobras de entrada e saída e permita a mellor utilización do espazo restante para outros usuarios.
 - c) O condutor inmovilizará o vehículo de xeito que non poida desprazarse espontaneamente nin ser movido por terceiros e responderá pola infraccións cometidas como consecuencia da retirada do vehículo causada por unha inmovilización incorrecta.
 - d) Se o estacionamento se realiza nun lugar cunha pendente sensible, o seu condutor deberá ademais, deixalo debidamente calzado, ben sexa por medio da colocación de calzos, sen que poidan empregar a tales fins elementos como pedras ou outros materiais non destinados de modo expreso a dita función, ou ben por apoio dunha das rodas no bordo da beirarrúa inclinando aquelas cara o centro da calzada nas pendentes

ascendentes, e cara fóra, nas pendentes descendentes. Os calzos, unha vez utilizados, deberán ser retirados das vías ao retomar a marcha.

7. *Cando un vehículo estea estacionado nunha zona de estacionamento de titularidade municipal con horario limitado, sen ter visible o distintivo que autoriza o estacionamento, ou cando supere o tempo aboado, poderá ser retirado e trasladado ao Depósito Municipal, inmovilizado mecanicamente ou denunciado polos axentes da autoridade.*
8. *O réxime de parada e estacionamento temporal no municipio é aplicable ás zonas sinalizadas ao efecto para o estacionamento reservado, que poderán ser utilizadas de forma universal por todas aquelas persoas usuarias que circulen polo termo municipal, ao efecto da súa visita turística ou tránsito ocasional, non podendo exceder, en zonas reservadas, o máximo permitido de ata 4 días continuos durante unha mesma semana, de tal forma que se garante a debida rotación e distribución equitativa dos aparcadoiros para estes vehículos.*

Artigo 5. Disposicións comúns ás zonas de estacionamento reservado e puntos de reciclaxe.

1. *Os puntos de reciclaxe, tanto sexan de titularidade pública como privada, terán que contar coa seguinte infraestrutura mínima:*
 - *Acometida de auga potable.*
 - *Grella de alcantarillado para desaugue e evacuación de augas procedentes do lavado doméstico, tales como baño ou cociña (Augas grises).*
 - *Punto de baleirado do WC (Augas negras).*
 - *Recipiente de lixo para recollida diaria de residuos domésticos.*
2. *As zonas de estacionamento e áreas de servizo reservado a autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas, no seu caso, e os puntos de reciclaxe estarán debidamente sinalizados na entrada, polo menos cos servizos dispoñibles, sen prexuízo dos elementos móbiles dos que poidan dispoñer para impedir ou controlar o acceso de vehículos e da información que debe anunciarse por esixencia da lexislación, tales como horarios e prezos, no seu caso.*
3. *Dentro das zonas de estacionamento e áreas de servizo reservado a autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas e puntos de reciclaxe, a velocidade dos vehículos de todas as categorías non pode superar os 30 km/h, sen prexuízo doutras regulacións de velocidade específicas en razón da propia configuración e as circunstancias que serán expresamente sinalizadas. En todo caso, os vehículos non poderán producir rúidos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas e non poderán superar os límites de ruído e emisión de gases determinados, no seu caso, polas Ordenanzas Municipais ou calquera outra normativa aplicable.*
4. *Para garantir un óptimo uso e aproveitamento público das instalacións de titularidade municipal, todas as persoas usuarias das zonas de estacionamento reservado e puntos de reciclaxe teñen a obriga de comunicar ao Concello calquera incidencia técnica, avaría, falla, carencia ou uso indebido que se produza nos mesmos.*
5. *Apróbase un prezo público pola entrada e uso polas autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dos servizos dispoñibles nas zonas de estacionamento reservado na área situada no complexo deportivo de Trabada (Rúa Serra da Cadeira), e puntos de reciclaxe de titularidade municipal, que será de 15 euros/día, o uso das restantes zonas habilitadas será gratuito, sen prexuízo de que dito prezo público poida ser actualizado ou modificado nas Ordenanzas Fiscais Municipais.*

O interesado deberá solicitar e obter autorización deste Concello, así como aboar o prezo público, con carácter previo ao acceso ao recinto.

A información e forma de acceso serán facilitadas a través da páxina web municipal www.trabada.gal, na que se incluírán as instrucións para o pago telemático. Quen vaia realizar o pago da taxa deberá realizalo por medio do servizo de pago telemático para o que accederá ao portal do Concello de Trabada a través da sede electrónica, onde disporá dos formularios e as aplicacións informáticas necesarias para determinar o importe a pagar.

Unha vez determinado o importe a pagar, o usuario asinará co certificado dixital a orde de pago necesaria para tramitar o pago.

6. *Nos puntos de reciclaxe de titularidade municipal poderase estacionar polo tempo indispensable para realizar as tarefas correspondentes aos servizos que presta, tales como evacuación, abastecemento e outros, estando prohibido expresamente permanecer máis tempo do necesario no mesmo ou facer usos distintos dos autorizados.*
7. *O anterior enténdese co respecto debido á lexislación sectorial sobre turismo e xestión de residuos.*

Artigo 6. Deberes das persoas caravanistas.

Xunto co cumprimento do establecido na presente Ordenanza, establécense os seguintes deberes das persoas autocaravanistas:

1. *Conducir con respecto ás normas de tráfico e seguridade viaria, facilitando no posible o adiantamento e as manobras do resto dos condutores.*
2. *Absterse de producir ou emitir rúidos molestos de calquera tipo, en especial os procedentes dos aparellos de son, radio, televisión, dos xeradores de correntes ou de animais domésticos, cando estean estacionados na vía pública urbana ou nas zonas adecuadas para elo, segundo o especificado no artigo 4.5.d) da presente Ordenanza ou na normativa municipal ou lexislación sectorial específica.*
3. *Usar os recipientes propios para a recollida de residuos sólidos urbanos e os equipamentos necesarios para la recollida de augas residuais.*
4. *Ocupar o espazo físico para o estacionamento, dentro dos límites estritamente necesarios.*
5. *Estacionar asegurándose de non causar dificultades funcionais, e sen poñer en risco a seguridade do tráfico motorizado ou dos peóns nin dificultando a vista de monumentos ou o acceso a edificios públicos ou privados e establecementos comerciais.*

TÍTULO II. RÉXIMEN SANCIONADOR

Artigo 7. Disposicións xerais

1. *A competencia para sancionar as infraccións ás disposicións en materia de circulación polas vías urbanas e demais reguladas na presente Ordenanza corresponde ao Alcalde en aqueles supostos previstos na mesma ou na lexislación sectorial.*
2. *Os tipos de infraccións e sancións son os que establece a lexislación sectorial, os que se concretan nesta Ordenanza no marco das Leis e os propios desta Ordenanza.*
3. *Ademais da imposición da sanción que corresponda, o Concello poderá adoptar as medidas axeitadas para a restauración da realidade física alterada do orde xurídico infrinxido coa execución subsidiaria a cargo do infractor e a imposta dos prezos públicos devingados.*
4. *A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta Ordenanza recaerá na persoa autora dos feitos. No seu caso, quen sexa titular ou arrendatario do vehículo co que se cometera a infracción, debidamente requirido para elo, ten o deber de identificar con veracidade á persoa responsable da infracción.*

Artigo 8. Infraccións

As infraccións propias desta Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Constitúen infraccións leves:

- a) *O incumprimento da obriga de manter visible no parabrisas o xustificante correspondente á reserva en zonas de estacionamento establecida ao efecto.*
- b) *O acceso rodado ás fincas por riba da beirarrúa sen licenza.*
- c) *A colocación de elementos fóra do perímetro da autocaravana, nas zonas non autorizadas.*
- d) *A colocación en sentido diferente ao indicado ou fóra das zonas delimitadas para cada vehículo.*
- e) *O estacionamento fóra das formas permitidas en espazos públicos non autorizados.*

2. Constitúen infraccións graves:

- a) *A emisión de rúidos ao exterior procedentes de equipos de son, excedendo dos límites permitidos pola lexislación específica.*
- b) *O vertido ocasional de líquidos ou residuos sólidos urbanos fóra da zona sinalada para elo.*
- c) *O uso fraudulento dos servizos prestados na área habilitada para estacionamento de autocaravanas.*
- d) *A ausencia de acreditación do pago do prezo público establecido para o estacionamento ou uso dos servizos.*
- e) *O estacionamento en espazos públicos medioambientalmente protexidos.*

3. Constitúen infraccións moi graves:

- a) *O vertido intencionado de líquidos ou residuos sólidos urbanos fóra dos lugares indicados para elo.*
- b) *O deterioro do mobiliario urbano.*
- c) *A instalación ou funcionamento de zonas de estacionamento ou puntos de reciclaxe sen a oportuna licenza ou declaración responsable, no seu caso, ou sen os requisitos establecidos na presente Ordenanza Municipal.*
- d) *O estacionamento en zonas de especial protección medioambiental.*

Artigo 9. Sancións:

1. *As sancións das infraccións tipificadas neste artigo son as seguintes:*

- a) *As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 750 euros.*
- b) *As infraccións graves sancionaranse con multas de ata 1 500 euros e/ou expulsión da zona de estacionamento reservado, no seu caso.*
- c) *As infraccións moi graves sancionaranse con multas de ata 3000 euros e/ou expulsión da zona de estacionamento reservado, no seu caso.*
2. *As sancións serán graduadas en atención aos seguintes criterios:*
- a) *Existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- b) *Natureza dos prexuízos causados.*
- c) *Reincidencia, por cometer máis dunha infracción da mesma natureza.*
- d) *Obstaculización do tráfico ou circulación de vehículos e persoas.*

Artigo 10. Medidas cautelares.

Procederase a inmovilización ou retirada do vehículo da vía pública co que se cometera a infracción nos supostos contemplados na vixente Ordenanza Municipal e nos que regula o Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.

Disposición final única. Entrada en vigor

A presente Ordenanza Municipal entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto definitivo aprobado polo Pleno Municipal.

...

Trabada, 10 de setembro de 2026.- O alcalde, Sr. D. Rubén García Freije.

R. 2449